

<b>Rama de coñecemento:</b>	Científica
<b>Prazas ofertadas:</b>	24
<b>Créditos ECTS totais</b>	60
<b>Créditos ECTS do Tráballo Fin de Mestrado:</b>	15
<b>Presencialidade:</b>	Semipresencial
<b>Universidades participantes:</b>	Universidade de Vigo

## Descrición:

A nutrición e todos os aspectos relacionados que inclúen a patoloxía por alteracións metabólicas máis frecuentes, é una das áreas da biomedicina que experimentou un maior avance nos últimos anos, e unha das que presenta unha contorna de traballo máis atractiva, tanto dende o punto de vista da investigación como da clínica. Os continuos avances tecnolóxicos e a elevada prevalencia de determinadas enfermidades endocrino-metabólicas (como a diabetes, a obesidade, enfermidades cardiovasculares, hipertensión, etc.) determinan a necesidade de contar con profesionais cada vez con mellor formación neste ámbito para poder dar una adecuada resposta aos problemas socio-sanitarios que se presentan, pero tamén cunha sólida formación académica que lles permita adaptarse aos continuos avances científicos e tecnolóxicos.

O Máster en nutrición da Universidade de Vigo deseñouse para proporcionar unha titulación orientada a:

- Formación específica en nutrición para a saúde, colectividade e deporte.
- Formación xeral en nutrición en patoloxía e institucións sanitarias.
- Formación en investigación en nutrición que permita o posterior desenvolvemento do Programa de doutoramento en endocrinoloxía.

## Perfil de ingreso recomendado:

O Mestrado Universitario en Nutrición está dirixido a alumnado e profesionais con coñecementos adquiridos en titulacións fundamentalmente de ciencias da saúde e ciencias experimentais, que queren especializarse e afondar tanto a nivel académico como profesional no ámbito da nutrición.

Perfil do alumnado de novo ingreso:

Quen aspire a este máster deberá estar en posesión dalgún título universitario (Grao / Licenciatura / Diplomatura / Enxeñaría / Enxeñaría Técnica)

Priorizaranse ademais do anterior, ás seguintes titulacións:

Titulados/as en Ciencias da Saúde: Enfermaría, Fisioterapia, Medicina, Farmacia, Nutrición e Dietética, Veterinaria.

Titulados/as en Ciencias da Vida: Bioloxía, Ciencias do Mar.

Titulados/as en Ciencias Agro-Alimentarias: Enxeñaría técnica agrícola, Ciencia e tecnoloxía alimentaria. (Deben realizar créditos adicionais sobre formación básica)

Outras titulacións que a Comisión Académica do Máster considere que poidan ter acceso a esta formación a partir da avaliación do seu expediente académico

## Saídas profesionais:

Permite acceso á carreira investigadora e ao Doutoramento Interuniversitario en Endocrinoloxía e Nutrición, de acordo coa normativa e convocatorias vixentes.

Desenvolvemento profesional no campo da nutrición clínica para profesionais da saúde.

Asesoría nutricional a residencias de maiores e da 3ª idade.

Asesoría nutricional a centros educativos.

Asesoría nutricional a empresas de restauración.

Asesoría nutricional a deportistas.

## Máis información:

<b>Coordinador:</b>	Lucas C. González Matías
<b>Páxina web mestrado:</b>	<a href="http://nutricion.webs.uvigo.es/index.html">http://nutricion.webs.uvigo.es/index.html</a>
<b>Páxina web centro:</b>	<a href="http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/ourense/ciencias.html">http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/ourense/ciencias.html</a>
<b>Código RUCT:</b>	4311048
<b>Enlace ao RUCT:</b>	<a href="https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4311048&amp;actual=estudios">https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4311048&amp;actual=estudios</a>
<b>Teléfono :</b>	986812393
<b>Enderezos electrónicos:</b>	<a href="mailto:nutricion@uvigo.es">nutricion@uvigo.es</a> <a href="mailto:posgraofco@uvigo.es">posgraofco@uvigo.es</a>